



XUNTA DE GALICIA



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DO CENTRO DE ESTUDOS COOPERATIVOS (CECOOP) DURANTE O ANO 2021**

**REÚNENSE:**

Dunha parte, dona M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana Somoza, conselleira de Emprego e Igualdade, en nome e representación desta consellería en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomea conselleira de Emprego e Igualdade, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/83, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como o parágrafo segundo da Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se publica o acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991.

Doutra, D. Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación da Universidade en virtude do Decreto 57/2018, do 31 de maio, polo que se nomea magnífico reitor da Universidade de Santiago de Compostela, segundo o establecido no artigo 20.1 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e no artigo 82 do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos dea Universidade de Santiago de Compostela.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

**EXPOÑEN:**

**Primeiro.-** O día 24 de xuño de 2002 a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela asinaron un Convenio de colaboración para a creación do Centro de Estudos Cooperativos da Universidade de Santiago de Compostela (CECOOP), culminando así un proceso de colaboracións anteriores en temas cooperativos entre o Departamento de Dereito Mercantil e do Traballo da Universidade de Santiago de Compostela e a Consellería de Emprego e Igualdade (entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais).

**Segundo.-** O Centro de Estudos Cooperativos é un centro de carácter mixto constituído pola Universidade de Santiago de Compostela, Departamento de Dereito Mercantil e do Traballo e a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Relacións



XUNTA DE GALICIA



Laborais, e ten vixencia indefinida. Sen prexuízo da aplicación das normas xerais de carácter administrativo, o CECOOP réxese polo disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, polos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e demais normas que lle son de aplicación, así como polo Regulamento relativo a Institutos Universitarios Mixtos.

**Terceiro.-** O CECOOP ten por obxecto a procura da formación e investigación do cooperativismo galego, nacional e internacional.

Son finalidades do CECOOP a investigación, formación e realización de estudos que con carácter xeral teñan relación coa economía social e, en concreto, co cooperativismo. Para o cumprimento dos seus fins, o CECOOP dispón de fondos bibliográficos e arquivos no Departamento de Dereito Mercantil da Universidade de Santiago de Compostela.

**Cuarto.-** A Universidade de Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia consideran esencial a colaboración na realización de accións tendentes a un mellor coñecemento da economía social en Galicia e por ende a un mellor desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Quinto.-** A Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2021, no capítulo de transferencias correntes, recolle nominativamente o convenio co CECOOP na aplicación orzamentaria 11.04.324C.444.1. Unida esta circunstancia á finalidade de marcado carácter social que desempeña a Universidade de Santiago de Compostela a través do Centro de Estudos Cooperativos na promoción, impulso e desenvolvemento do coñecemento, a investigación e a difusión de materias relacionadas co cooperativismo, e ao feito de que se trate do único Centro Universitario de carácter mixto dedicado á investigación, formación e estudo do cooperativismo nas súas dimensións económica e xurídica, xustifica, ao abeiro dos artigos 19.4.a e 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización das ditas accións, sen promover a concorrencia pública.

**Sexto.-** A Universidade de Santiago de Compostela non está incursoa en ningunha das prohibicións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo iso, formalizan o presente Convenio de conformidade coas seguintes



XUNTA DE GALICIA



### CLÁUSULAS:

**PRIMEIRA.-** O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización das actividades do Centro de Estudos Cooperativos durante o ano 2021.

**SEGUNDA.-** O Centro de Estudos Cooperativos, para o cumprimento dos seus fins propios, cooperará coa Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social nos temas de interese conxunto orientados á promoción e fomento da economía social en Galicia. En particular, levará a cabo durante o ano 2021 as seguintes actividades:

#### **a) Promoción da investigación en materia de economía social**

1. Participación activa en sesións de dirección, de execución e científicas de CIRIEC España, do CIRIEC Internacional, do Observatorio Iberoamericano del Empleo e da RED ENUIES.
2. Fomento da participación de investigadores do CECOOP en actividades de docencia e formación de investigadores, así como na publicación dos resultados das súas investigacións e a presentación destas en congresos científicos.
3. Fomento da participación de estudantes universitarios en traballos de investigación ou estudos especializados.
4. Elaboración e mantemento dun repositorio de traballos de investigación publicados ou en curso.
5. Posta en marcha dun repositorio de investigadores galegos en materia de Economía Social
6. Elaboración dun informe sobre a Economía Social en Galicia cos datos de 2020, continuando co elaborado para o ano 2019.

#### **b) Realización de actividades de formación, difusión e divulgación**

7. Organización de actividades na Universidade de Santiago de Compostela dentro da "II Semana Universitaria de Economía Social" na semana do 04-12 de marzo, organizada polos Centros e Institutos de Investigación adheridos a RED ENUIES. Así



**XUNTA DE GALICIA**



mesmo, fomentárase a participación de profesores das outras universidades galegas.

8. Participación, en coordinación co CIRIEC, a Consellería de Emprego e Igualdade e outras entidades, na organización de seminarios, xornadas e outras actividades.
9. Colaboración no deseño de actividades estatísticas en materia de economía social.
10. Impulso e coordinación de actividades da Rede Eusumo na Universidade de Santiago de Compostela.

**c) Promoción do coñecemento xurídico e actualización normativa**

11. Mantemento do repositorio accesible a través de internet de lexislación vixente, xurisprudencia e sentenzas de todas as instancias en materia de cooperativas e economía social, estruturado por temáticas, que se actualizará cunha periodicidade mínima bimensual.
12. Mantemento dun sistema permanente de vixilancia comparativa entre as distintas comunidades autónomas así como os principais países europeos de referencia, acerca das novidades normativas, con análise dos principais aspectos que poidan resultar de interese para a súa traslación a Galicia.

**d) Dotación material**

13. Adquisición de bibliografía especializada.
14. Mantemento e actualización da web da CECOOP e a reposición de material funxible necesario para o cumprimento dos fins do CECOOP.

**TERCEIRA.-** A Consellería de Emprego e Igualdade comprométese a prestarlle ao CECOOP a colaboración necesaria para o desenvolvemento das actuacións.

**CUARTA.-** A Consellería de Emprego e Igualdade contribuirá o financiamento das actividades que realice o CECOOP durante o ano 2021, aínda que sexan anteriores á sinatura do convenio, coa cantidade de **DEZAOITO MIL OITOCENTOS EUROS (18.800 €)**, con cargo á partida orzamentaria 11.04.324C.444.1 da Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2021.

**QUINTA.-** O libramento de fondos a favor da Universidade de Santiago de Compostela farase do seguinte xeito:



**XUNTA DE GALICIA**



- Mediante pagamentos parciais, na medida que se xustificuen os gastos e pagos á conta da liquidación definitiva, ata un 80% do financiamento achegado pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social. A xustificación dos custos farase mediante certificación detallada dos gastos e pagos realizados emitida polo órgano da Universidade de Santiago de Compostela que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da actividade obxecto deste convenio e da aplicación dos fondos destinados a tal fin.
- O importe restante aboarase unha vez xustificadas a totalidade dos gastos realizados, polo importe dos fondos achegados por esta consellería de conformidade co establecido no parágrafo anterior.
- Con carácter previo ao libramento de fondos, o beneficiario deberá achegar unha declaración responsable de estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da comunidade autónoma, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- No momento da xustificación total dos gastos, a Universidade de Santiago de Compostela achegará unha memoria descritiva do contido das accións desenvolvidas polo Centro de Estudos Cooperativos; ademais presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes de resolución, para a mesma actividade, das distintas administracións públicas.

A xustificación dos gastos realizados en execución do presente convenio remitirase, en todo caso, á consellería antes do 1 de decembro de 2021.

Para o suposto de que os gastos que se xustificuen sexan inferiores ao financiamento acordado, deducirase do pagamento a parte non xustificada.

**SEXTA.-** A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos non poderá superar o custo da actividade subvencionada.

**SÉTIMA.-** A Universidade de Santiago de Compostela asume o compromiso de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade



**XUNTA DE GALICIA**



Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

**OITAVA.-** De conformidade co establecido Real decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, esta axuda será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Así mesmo, a entidade asinante deberá dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da entidade á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas asinantes do convenio serán publicados conforme o descrito nas ditas normas reguladoras a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais ou páxinas web.

Así mesmo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, outórgase consentimento para que se publiquen as axudas concedidas, nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

**NOVENA.-** Todas las actuacións derivadas deste convenio realizaranse con suxeición ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos Personais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa de desenvolvemento desta.

Os datos persoais recollidos en execución deste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Emprego e Igualdade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.



XUNTA DE GALICIA



Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio da súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou, presencialmente, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

**DÉCIMA.-** Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, dará lugar á modificación da axuda e eventualmente á súa revogación.

**DÉCIMO PRIMEIRA.-** A sinatura deste convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e as institucións que o asinaron, de tal xeito que á consellería non se lle pode esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

**DÉCIMO SEGUNDA.-** Este convenio ten carácter administrativo, e os seus efectos réxense polo establecido nas súas cláusulas, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia; Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Regulamento da Lei xeral de subvencións, aprobado mediante o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia; o Acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, e demais normativa xeral que lle sexa de aplicación.

En especial, o convenio quedará sometido ao disposto no artigo 11, sobre obrigas dos beneficiarios, no artigo 15, sobre publicidade das subvencións, no artigo 17.3. sobre financiamento das actividades subvencionadas, no artigo 32, sobre as causas de invalidez da resolución da concesión, e no artigo 33, sobre as causas de reintegro, da referida Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, sendo aplicables para



XUNTA DE GALICIA



resolver as dúbidas e lagoas que poidan presentarse os principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**DÉCIMO TERCEIRA.-** Para o seguimento da execución do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poida xurdir, prevese a creación dunha comisión mixta integrada pola persoa titular da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social en representación da Consellería de Emprego e Igualdade e pola persoa titular da dirección do CECOOP en representación da Universidade de Santiago de Compostela, ou persoas nas que deleguen. En caso de persistir as desavinzas, elevarase a resolución do conflito á conselleira de Emprego e Igualdade.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses para actos expresos (agás as actuacións en vía de feito), segundo o disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición.

Para tales efectos, o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Non obstante, contra os actos da Administración poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que os ditou, no prazo dun mes para actos expresos e en calquera momento a partir do día seguinte no que se produza o acto presunto para os que non o sexan, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

**DÉCIMO CUARTA.-** A Consellería de Emprego e Igualdade pode comprobar cando o estime oportuno a execución do convenio.

**DÉCIMO QUINTA.-** Serán causas de resolución do presente convenio o mutuo acordo das partes, o incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas, así como as establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procedendo, se fora o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data no que se acorde a procedencia do reintegro.

**DÉCIMO SEXTA.-** A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulabilidade da resolución de concesión, de acordo co procedemento e coas causas establecidas no artigo 32 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, levará a aparellada a obriga de devolver as cantidades percibidas.



XUNTA DE GALICIA



Procederá a perda do dereito ao cobramento das subvencións e axudas concedidas no suposto de non estar ao día no pagamento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de pagamento da subvención.

Así mesmo, procederá a perda do dereito ao cobramento da subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora, nos casos e nos termos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

De conformidade co disposto no artigo 14.1 letra n), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia o importe a que se deba reintegrar determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación dos posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión da subvención:

a) Incumprimento total da actividade: reintegro do 100% da subvención concedida.

b) A obtención da subvención falseando os datos, feitos o documentación, así como as condicións requiridas para a concesión ou ocultando aquelas que o impidisen: reintegro do 100% da subvención concedida.

c) O incumprimento da finalidade, requisitos e condicións exixidas á entidade beneficiaria para a concesión da subvención: reintegro do 100% da subvención concedida.

d) Incumplimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionada: reintegro do 100% da subvención concedida.

e) O incumprimento da obriga en materia de publicidade: reintegro do 2% da subvención concedida.

f) O incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados que financien as actividades subvencionadas: reintegro do 5% da subvención concedida.

**DÉCIMO SÉTIMA.-** O convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.



**XUNTA DE GALICIA**



Non obstante, poderase denunciar pola parte que considere vulnerado o espírito del por incumprimento dalgunha das súas cláusulas.

A denuncia deberá efectuarse comunicándollo á outra parte, mediante escrito fundado e cunha antelación mínima dun mes. Salvo acordo expreso en contrario, deberán finalizar as accións xa iniciadas.

Como proba de conformidade, ambas as partes asinan este convenio electronicamente o día 7 de xuño de 2021.

POLA XUNTA DE GALICIA

A conselleira de Emprego e Igualdade

M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana Somoza

POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

O Reitor

Antonio López Díaz